

FERROL

BANDO MUNICIPAL

ÁNGEL MATO ESCALONA, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

FAI SABER:

Ante a crise sanitaria xerada polo COVID-19, as medidas de prevención e seguridade establecidas pola normativa vixente, a necesidade de previr calquera tipo de rebrote e a proximidade dos eventos festivos relacionados coas lumieiras de San Xoán e San Pedro

FAGO SABER

PRIMERO.- Quedan prohibidas todas as lumieiras en terreos de dominio público.

SEGUNDO.- As lumieiras en terreos privados respectarán as normas recollidas no Real Decreto-Lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

TERCEIRO.- As lumieiras en terreos privados deberán cumprir as seguintes prescricións:

- 1) Congregarán un máximo de 20 persoas.
- 2) A lumieira deberá estar debidamente separada de calquera tipo de material combustible ou que poida sufrir danos. Dito espazo deberá estar libre de todo tipo de material combustible e será a lo menos de:
 - 15 metros a árbores de pequeno ou mediano porte.
 - 25 metros a árbores de gran porte, tendidos eléctricos, telefónicos, etc.
 - 15 metros do mobiliario urbano.
- 3) O tamaño máximo do material que forme a lumieira será de 4 metros de diámetro e 3 metros de alto.
- 4) O combustible empregado será obrigatoriamente de tipo vexetal.
- 5) A lumieira deberá quedar perfectamente apagada antes de abandonala.

CUARTO.- As solicitudes para a autorización das lumieiras en terreo privado serán realizadas no rexistro municipal do Concello de Ferrol a través do modelo establecido ata o día 21 de xuño do 2020.

QUINTO.- Calquera emerxencia xerada será informada a os seguintes teléfonos:

- 112.
- Bombeiros 981 944 080.
- Policía Local 981 944 092.
- Incendios Forestais 085.

Ferrol, 10 de xuño do 2020.

O Alcalde



Concello de Ferrol